

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 02.05.2019

Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 2 de maio de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Proposicións non de lei

- 1.1 26011 (10/PNC-002000)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre o restablecemento polo Goberno galego do Servizo de Cirurxía
Pediátrica as 24 horas do día e os 365 días do ano no Complexo
Hospitalario Universitario de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018
- 1.2 42834 (10/PNC-003456)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación
coa situación sanitaria da comarca do Salnés
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019
- 1.3 45814 (10/PNC-003693)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 2 máis
Sobre a dotación polo Goberno galego ao distrito sanitario do sur de Lugo
dunha ambulancia de soporte vital básico con base en Monforte de Lemos
e dunha ambulancia medicalizada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 434, do 20.02.2019
- 1.4 46558 (10/PNC-003743)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre o recoñecemento por parte da Xunta de Galicia da categoría
profesional de técnico de Emerxencias Sanitarias mediante o
establecemento dun protocolo de verificación do persoal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 437, do 27.02.2019
- 1.5 47288 (10/PNC-003817)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir
a continuidade do servizo público de axuda no fogar que se vén prestando





no concello de Forcarei

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019

- 1.6 48002 (10/PNC-003882)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a inclusión dunha ambulancia de soporte vital básico as vinte e catro horas do día para o concello de Marín no novo concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 450, do 27.03.2019
- 1.7 48661 (10/PNC-003929)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central en relación cos criterios de repartición de fondos ás comunidades autónomas para políticas activas de emprego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019
- 1.8 49214 (10/PNC-003979)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Salorio Porral, María Soraya e 7 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas demoras que están a padecer as mulleres mariscadoras, percebeiras, redeiras e traballadoras da pesca artesanal no recoñecemento do dereito a unha prestación económica do sistema de Seguridade Social por risco durante o embarazo. (Procedemento de urxencia)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 463, do 17.04.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

Marta María
Rodríguez-
Vispo
Rodríguez

Firmado digitalmente por Marta
María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Marta María Rodríguez-Vispo
Rodríguez,
email=marta.rodriguez.vispo.rod
riguez@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2019.04.23 13:16:53
+02'00'





Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 23/04/2019 13:16:53



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 02.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 02.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 26011(10/PNC-002000)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre o restablecemento polo Goberno galego do Servizo de Cirurxía Pediátrica as 24 horas do día e os 365 días do ano no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2018 13:27
Nº Rexistro: 26011
Data envío: 12/02/2018 13:27:50.990



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O Complexo Hospitalario Universitario de Ourense contaba ata o ano 2013, cun Servizo de Cirurxía Pediátrica composto por tres cirurxiáns pediátricos reforzados nas gardas por algún outro profesional desta especialidade.

Trala xubilación dun deles, e a solicitude de traslado doutro, o cadro de persoal quedou tan reducido que non se podían seguir ofertando gardas. Esta situación obrigaba á Xerencia a reposición das vacantes, pero en lugar diso e ante a sorpresa e o desgusto da cidadanía ourensán, e dos profesionais do CHUOU, a Xerencia anunciou que se suprimía este servizo, optando polo retallo de medios nesta especialidade, reducindo á metade o número de cirurxiáns pediátricos. Así pois, dende setembro de 2013, os nenos e nenas ourensás que necesiten someterse a unha intervención cirúrxica fóra do horario de mañá, ou en sábado, domingo e festivo, teñen que trasladarse a Vigo, a máis de 100 quilómetros, distancia que se eleva cando os desprazamentos teñen que realizarse dende outras zonas da provincia afastadas da capital, como por exemplo da comarca de Valdeorras.

Estamos falando de menores que deben ir acompañados dos pais e nais, o que supuxo un esforzo adicional para moitas familias, esforzo económico aínda máis difícil de levar a cabo para aquelas que dispoñen de menos recursos.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2018 13:27
Nº Rexistro: 26011
Data envío: 12/02/2018 13:27:50.990



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia ao restablecemento no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, de maneira urxente e permanente, do Servizo de Cirurxía Pediátrica 24 horas ao día, e os 365 días do ano.

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Abel Losada Álvaerz
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 12/02/2018 13:20:14

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/02/2018 13:20:19

Raúl Fernández Fernández na data 12/02/2018 13:20:24

Julio Torrado Quintela na data 12/02/2018 13:20:29

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/02/2018 13:20:35

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 02.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 42834(10/PNC-003456)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia
en relación coa situación sanitaria da comarca do Salnés

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2019 13:46:09
Nº Rexistro: 42834
Data envío: 09/01/2019 13:46:09.328

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A situación sanitaria da comarca do Salnés está sufrindo unha perda de capacidade asistencial como resultado dunha política de recortes moi estricta aplicada polos gobernos estatal e autonómico nos últimos anos. Os e as profesionais do sistema sanitario redobran esforzos e tratan de manter o maior nivel de calidade posible, pero a situación está a sobrepasar o aceptable e estanse a perder servizos que empeoran de maneira inaceptable a situación.

O Hospital do Salnés está a perder progresivamente servizos asistenciais, de maneira especial a partir da perda de condición de área sanitaria que diminuíu a condición do hospital, a súa autonomía, e reforzou a súa dependencia do Hospital de Pontevedra. Isto provocou a perda de profesionais nalgúns servizos como medicina interna, ou a dificultade para reparar aparataxe que provoca semanas enteiras sen servizo do TAC, de equipos informáticos, de material para urxencias ou de tratamentos farmacolóxicos. A dotación de persoal do hospital é notoriamente baixa, como así teñen denunciado publicamente os e as representantes dos e das traballadoras, con casos como a dotación de enfermería que ofrece ratios de 1/28 durante as noites, o que non é aceptable. A ampliación do servizo de urxencias sen maior dotación de persoal provoca situacións paradóxicas como a non utilización de determinados espazos novos por non ter persoal para elo, ou que a ausencia de profesionais de anestesia en moitas ocasións provoca ter que derivar intervencións ao CHOP tendo quirófanos sen utilizar en O Salnés.

Se o caso do Hospital do Salnés é alarmante, a atención primaria de O Salnés atópase nunha situación límite. Existe un claro déficit tanto de infraestruturas e de persoal. No que corresponde ás infraestruturas, hai un problema claro en Vilagarcía coa falta dun novo centro de saúde que palíe as deficiencias do actual, edificio con máis de 40 anos e deficiencias estruturais graves. A insuficiencia de espazos, de accesibilidade e de posibilidades de ampliar un servizo que necesita máis profesionais non está sendo atendida polo Sergas, tendo propostas e

CSM-REXISTRO-Y2QmTOpmH-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2019 13:46:09
Nº Rexistro: 42834
Data envío: 09/01/2019 13:46:09.328

dispoñibilidade do Concello de Vilagarcía para resolvelo. Caso idéntico ocorre en O Grove, onde o Sergas fai ouvidos xordos ante as demandas veciñais que encabeza o Concello dun novo centro de saúde, ou a redución da aposta por un novo centro en A Illa que quedou na reforma do anterior sen resolver problemas que aínda se manteñen de estrutura e mantemento da infraestrutura.

No que corresponde ao persoal, existen numerosos problemas nos últimos tempos aos que a Xunta de Galicia non ofrece nin solución nin atención. Catoira perde continuamente o seu servizo de pediatría, pola non substitución do profesional, tendo que derivarse a Vilagarcía que ve, á súa vez, saturado o servizo pola acumulación dos pacientes que se incrementan. O problema de pediatría existe tamén de maneira sinalada en A Illa e Ribadumia, que comparten profesional pero que está de baixa, e a súa non substitución obriga aos veciños destes dous concellos a trasladarse a un terceiro, Cambados, coa correspondente saturación do centro cambadés.

O centro de Saúde de Cambados sofre dende hai tempo problemas de falta de persoal, o que leva a perder o servizo de atención polas tardes e unha elevadísima frecuentación das consultas de primaria pola necesidade de cubrir as baixas e vacacións entre os propios profesionais xa existentes. No caso de Meaño, a ausencia dun profesional obriga ao que permanece no centro a atender o cupo de dous profesionais, superando os 50 e 60 pacientes en moitos días. O Centro de Saúde de Baltar, en Sanxenxo, vén sendo obxecto de demanda cidadá pola necesidade de cubrir as baixas e vacacións, que tampouco están sendo atendidas.

De maneira global á comarca, unha demanda habitual está na necesidade dunha ambulancia medicalizada para O Salnés, como así demandan profesionais especialistas en atención de urxencias, e de maneira específica profesionais de cardioloxía que reclaman esta ambulancia medicalizada e, tamén, a derivación a Santiago dos e das pacientes afectadas por infarto agudo de miocardio.

A situación global, en todos os planos, é preocupante para veciños e veciñas de O Salnés que comprobaban a perda de capacidade do sistema asistencial a pesares do esforzo dos profesionais.



CSV: REXISTRO-Y2OnTOPMh6

Validado

<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2019 13:46:09
Nº Rexistro: 42834
Data envío: 09/01/2019 13:46:09.328

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver un catálogo de servizos básicos, que defina as necesidades e servizos fundamentais para que poidan ser ofrecidos en todos os centros hospitalarios de Galicia.
2. Na liña do anterior, dotar ao Hospital de O Salnés dun plan de contratación de persoal e de aumento de recursos materiais para garantir unha atención sanitaria da maior calidade posible, sen que esa atención dependa fundamentalmente da presenza rotatoria de profesionais entre distintos hospitais.
3. Abrir unha canle de diálogo co Concello de Vilagarcía co fin de conquistar o necesario novo centro de saúde que se demanda na antiga Comandancia de Marina.
4. Abrir unha canle de diálogo co Concello de O Grove co fin de conquistar o necesario novo centro de saúde que se demanda, nos espazos que o Concello poida dispoñer de maneira axeitada.
5. Garantir a cobertura de substitucións dos profesionais de atención primaria, coa contratación extraordinaria dos profesionais en listas de substitución e dos recentes titulados MIR, para poder cubrir as necesidades demandadas polos profesionais dende os centros de saúde.
6. Dotar ao hospital de O Salnés dunha ambulancia de soporte vital avanzado durante todo o ano, para mellorar as condicións de atención sanitaria ao conxunto da poboación, e en particular para as persoas afectadas por infarto agudo de miocardio.

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2019 13:46:09
Nº Rexistro: 42834
Data envío: 09/01/2019 13:46:09.328

Julio Torrado Quintela na data 09/01/2019 13:45:01

Noela Blanco Rodríguez na data 09/01/2019 13:45:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/01/2019 13:45:11

CSV, REGISTRO: Y2OnTOPMh6
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 02.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 45814(10/PNC-003693)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre a dotación polo Goberno galego ao distrito sanitario do sur de Lugo dunha ambulancia de soporte vital básico con base en Monforte de Lemos e dunha ambulancia medicalizada

Publicación da iniciativa, 434, 20.02.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao e Eva Solla Fernández** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

Exposición de motivos:

O distrito sanitario de Monforte de Lemos conta coas seguintes dotacións do 061: unha ambulancia de soporte vital básico en Monforte, que atende os concellos de Lemos, unha con base en Chantada, para a área de Saviñao, Chantada e Carballedo, e outra con base en Quiroga, que leva Quiroga, Ribas de Sil e O Courel. É dicir: só hai tres ambulancias do 061 operativas en cada quenda para todo o sur de Lugo.

Falamos dunha área extensa, con núcleos de poboación moi espallados, que comprende zonas de montaña (O Courel) e estradas en malas condicións.

Unha área de máis de 40.000 persoas que teñen como referencia o Hospital comarcal de Monforte, só conta con 3 ambulancias do 061 operativas por quenda e non dispón de ambulancia medicalizada.

Ao haber só 3 ambulancias do 061 de soporte vital básico operativas en cada momento en toda a zona, con base en Quiroga, Chantada e Monforte, cando unha delas está nun servizo, envíase outra doutra base a atender outro servizo, se se precisa, co cal unha das zonas queda sen cobertura rápida.

Aínda que se cumpran as rateos de poboación por ambulancia recomendadas pola OMS, non se cumpren as isócronas, dado que hai zonas que distan da ambulancia moito máis de 15 minutos. Por outra parte, aumenta cada ano o número de





servizos do 061, polo envellecemento da poboación e o asentamento de varias residencias de maiores na zona, que demandan habitualmente o servizo.

A necesidade dunha ambulancia medicalizada é unha reclamación realizada por parte do persoal técnico do 061 ante a Xunta, sen que esta dera resposta. Dende En Marea temos realizado emendas aos Orzamentos solicitando esta dotación, nunca atendidas.

A ambulancia medicalizada permite unha intervención máis rápida en urxencias como as paradas cardiorespiratorias, nas que o tempo de intervención é vital.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Dotar con urxencia o distrito sanitario do sur de Lugo dunha ambulancia de soporte vital básico con base en Monforte, de xeito que existan 4 ambulancias operativas por quenda.
2. Dotar, a maiores, o distrito sanitario do sur de Lugo cunha ambulancia medicalizada.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Eva Solla Fernández
Deputadas do G.P. de En Marea.
Luís Villares Naveira
Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 11:08:52
Nº Rexistro: 45814
Data envío: 08/02/2019 11:08:52.865



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 08/02/2019 11:06:53

Eva Solla Fernández na data 08/02/2019 11:07:01

Luis Villares Naveira na data 08/02/2019 11:07:08

CSX: REGISTRO-6kazKSZP.5
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 02.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 46558(10/PNC-003743)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o recoñecemento por parte da Xunta de Galicia da categoría profesional de técnico de Emerxencias Sanitarias mediante o establecemento dun protocolo de verificación do persoal

Publicación da iniciativa, 437, 27.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 13:18:03
Nº Rexistro: 46558
Data envío: 20/02/2019 13:18:03.388



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

Exposición de motivos:

Moitas e moitos profesionais TES (Técnicos en Emerxencias Sanitarias) están a denunciar gravísimas irregularidades por parte das empresas que xestionan o transporte sanitario en Galicia, respecto ao incumprimento por parte das mesmas, do contido recollido no Real Decreto 22/2014 sobre as características técnicas, equipamento sanitario e dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario terrestre.

A contratación de persoal sen a titulación esixida ou a falta de dotación de equipamento e persoal nos vehículos, supoñen infraccións graves das que a Consellería de sanidade ten coñecemento por parte das asociacións profesionais de técnicos, que levan requirindo a necesidade de que a Administración actúe coa dilixencia que se lle presume e non sexa cómplice do incumprimento da normativa así como de favorecer o intrusismo laboral, en detrimento da calidade nas condicións laborais das e dos traballadores así como da atención e saúde das persoas.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a recoñecer a categoría profesional de Técnico de Emerxencias Sanitarias, establecendo un protocolo de verificación do persoal coa fin de controlar o cumprimento da normativa.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 13:18:03
Nº Rexistro: 46558
Data envío: 20/02/2019 13:18:03.388




Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/02/2019 13:12:50

Luis Villares Naveira na data 20/02/2019 13:12:56



CSM: s1h3xV9uJ11

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 02.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 47288(10/PNC-003817)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a continuidade do servizo público de axuda no fogar que se vén prestando no concello de Forcarei

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 13:08:32
Nº Rexistro: 47288
Data envío: 05/03/2019 13:08:32.994

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar para garantir a continuidade do servizo de axuda no fogar no concello de Forcarei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estes días estamos a ver como no concello de Forcarei se manifestan as 18 traballadoras do servizo de axuda no fogar, reclamando a continuidade dun servizo público esencial que ven ameazado de peche.

Esta problemática arranca no ano 2016, cando se permitiu ao xerente de Servizos Sociais á Comunidade SL, Nonito Crespo, marchar sen cumprir o contrato, con débedas ás traballadoras e sen unha soa penalización a través do prego de contratación. Permittiuse así mesmo que marchara coa fianza do 5% sobre o valor total do contrato deixando débedas con traballadoras e seguridade social.

No ano 2016, tras meses de tardanzas nos cobros por parte das traballadoras adxudicouse de novo o servizo a Serinter SI, empresa á que as débedas herdadas da anterior concesionaria levaron a unha situación de inviabilidade económica, de novo cunha alcaldía que non fixo ningunha labor de control administrativo, deixando ás traballadoras indefensas e sen cobrar de novo.

CSV: 0657DUD5n9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 13:08:32
Nº Rexistro: 47288
Data envío: 05/03/2019 13:08:32.994

Esta empresa, á finalización do contrato en Agosto de 2018 solicitou a finalización da concesión, retendo a alcaldía incomprensiblemente a unha empresa en quebra técnica, en concurso de acredores até Novembro, onde grazas á presión do BNG e traballadoras se licita de novo o servizo.

Son meses de atrasos inxustificábeis, tan só explicábeis dende a inoperancia do Goberno municipal de Forcarei e que fan que a Asociación de Empresarios de Servizos Sociais e Axuda a Domicilio de Galiza puxera en aviso @s seus/súas asociad@s da situación do concello.

Todas estas actuacións van en contra e supón o incumprimento do protocolo da inspección de servizos sociais sobre as entidades prestadoras de servizos sociais que desenvolven o servizo de axuda no fogar en Galiza, da propia Xunta de Galicia (2012) onde, entre outros extremos a comprobar nos cumprimentos empresariais, se debe esixir os TC2, contratos, substitucións de baixas etc..., o que, obviamente, non se fixo no concello de Forcarei.

Esta mala fe nas actuacións, este desastre organizativo, así como a inseguridade financeira fixo que en novembro á licitación só se presentara unha empresa, renunciando a formalizar o contrato tras comprobar a débeda.

É polo tanto a situación actual preocupante en Forcarei, cunhas traballadoras suxeitas a un ERE que se fará efectivo antes do día 15 de Marzo e sen empresa que queira asumir o servizo, cun concello que non quere asumir a xestión directa.

É unha quebra técnica do servizo de axuda no fogar en Forcarei, que vai deixar dependentes sen atención pola incapacidade da alcaldía para asumir un servizo obrigatorio e esencial por lei.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 13:08:32
Nº Rexistro: 47288
Data envío: 05/03/2019 13:08:32.994

A asistencia aos servizos sociais é unha obriga da administración autonómica cedida aos concellos de Galicia, pero que é básica e de obrigada prestación.

A lei 27/2013 de 27 de Decembro de Racionalización e sostibilidade da administración local modifica o apartado 2 do artigo 25 da lei de Bases do Réxime local, atribuíndolle aos concellos a “avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.”

A maiores abunda a lei 13/2008 do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia nesta obrigatoriedade de prestación polos concellos de Galicia, establecendo no capítulo II, competencias das administracións públicas, artigo 61 a atribución aos concellos da “creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos”, polo que a NON prestación do servizo por parte do concello é contrario á obrigatoriedade normativa, debendo en caso necesario solicitar a dispensa do mesmo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno a:

Realizar de inmediato todas as actuacións precisas para esixirlle ao concello de Forcarei a prestación do servizo de axuda no fogar, que como básica ten a obriga de prestar, sen que signifique ningún empeoramento no servizo que veñen recibindo, e coa subrogación do persoal que o ven prestando até agora, con criterios de igualdade e transparencia.

Presentar un informe á menor brevidade dando conta de:

CSV: 462704D5f6
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 13:08:32
Nº Rexistro: 47288
Data envío: 05/03/2019 13:08:32.994

-Dispensa solicitada polo concello de Forcarei de prestar o servizo.

-Seguimento e fiscalización das empresas e do concello de Forcarei na prestación do servizo do fogar: inspeccións realizadas pola Xunta, expedientes sancionadores abertos, sancións,...”

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/03/2019 13:00:51

Ana Pontón Mondelo na data 05/03/2019 13:00:57

CSX: u6zTD_uD5n6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2019 13:08:32
Nº Rexistro: 47288
Data envío: 05/03/2019 13:08:32.994

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/03/2019 13:00:58

Olalla Rodil Fernández na data 05/03/2019 13:01:00

Noa Presas Bergantiños na data 05/03/2019 13:01:01

Xosé Luis Bará Torres na data 05/03/2019 13:01:02

CSX: 4637D4D5f6
Verificación
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 02.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 48002(10/PNC-003882)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a inclusión dunha ambulancia de soporte vital básico as vinte e catro horas do día para o concello de Marín no novo concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre

Publicación da iniciativa, 450, 27.03.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 13:59:40
Nº Rexistro: 48002
Data envío: 21/03/2019 13:59:40.327

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de que o concello de Marín conte con servizo de ambulancia 24 horas ao día.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte sanitario en xeral, e o urxente en particular, é, ao igual que o resto da prestación sanitaria, un servizo esencial, un servizo vital, e como tal debería ser un obxectivo prioritario, para o Goberno galego e para a consellaría de sanidade.

Mais a realidade vai na dirección contraria, a Xunta de Galiza está a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación do servizo e as condicións laborais dos traballadores. Foi deteriorando o servizo, con todas as decisións que foi tomando.

Ao igual que no resto da sanidade se neste momento os usuarios e usuarias non perciben con maior intensidade este deterioro non é pola estrutura deseñada pola Xunta de Galiza, senón pola profesionalidade dos traballadores e das traballadoras.

Até setembro de 2011 o concello de Marín contaba con servizo de ambulancia de soporte vital básico 24 horas, nesa data o 061 recortou á metade o servizo, deixándoo en 12 horas, de oito da mañá a oito da tarde. Foron necesarias moitas reclamacións e a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 13:59:40
Nº Rexistro: 48002
Data envío: 21/03/2019 13:59:40.327

peticións constante da veciñanza da necesidade de aumentar o servizo, para que en xuño do 2016 o Sergas tomara a decisión de aumentar as horas de servizo de ambulancia dun xeito insuficiente, xa que tan só aumentou catro horas, de 12 a 16.

Atopámonos polo tanto que un concello como o de Marín, cunha poboación de máis de 24.000 habitantes non conta con servizo de transporte sanitario terrestre de 12 da noite a oito da mañá. Deixase polo tanto desprotexida á veciñanza durante ese período, toda vez que os vehículos que teñen que acudir teñen que facelo ben desde Pontevedra ou desde Bueu co que significa de aumento nos tempos de resposta.

O BNG ten demandado en varias ocasións a necesidade de que @s veciñ@s de Marín conten co servizo de ambulancia 24 horas, atopándonos coa negativa do Partido Popular. Toda vez que a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galiza-061 está iniciando un novo concurso para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre é o momento de rectificar esa situación, razón polo que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a que no novo concurso, para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre que a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galiza-061 está iniciando, se contemple para o concello de Marín a dotación dunha ambulancia de Soporte Vital Básico as 24 horas do día.”

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2019 13:59:40
Nº Rexistro: 48002

Data envío: 21/03/2019 13:59:40.327

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2019 13:58:00

Ana Pontón Mondelo na data 21/03/2019 13:58:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/03/2019 13:58:05

Olalla Rodil Fernández na data 21/03/2019 13:58:06

Noa Presas Bergantiños na data 21/03/2019 13:58:08

Xosé Luis Bará Torres na data 21/03/2019 13:58:09

CSX: E1K4V:ekunt1
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 02.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 48661(10/PNC-003929)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre as xestións que debe realizar o Goberno galego diante do Goberno central en relación cos criterios de repartición de fondos ás comunidades autónomas para políticas activas de emprego

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O actual Goberno do presidente Pedro Sánchez ten modificado os criterios de distribución que se viñan aplicando nos fondos ás comunidades autónomas para desenvolver as políticas activas de emprego, que estaban a primar a eficacia e a eficiencia coas que as administracións autonómicas xestionan estes recursos e o esforzo realizado por estas para reducir os niveis de desemprego e que, polo tanto, beneficiaban a Galicia.

De feito, nos últimos anos a Comunidade galega recibiu un 8% dos fondos repartidos polo Goberno do Estado ás administracións autonómicas para estimular a creación de emprego. Ademais, cómpre subliñar que o pasado 2018 a Xunta de Galicia obtivo un 8,7% máis de recursos, duplicando así a media de crecemento interanual rexistrado polo conxunto das comunidades autónomas (+3,2%).

Agora, sen embargo, o actual equipo do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social cambia as regras de xogo e reduce a importancia que se estaba dando ao cumprimento de obxectivos establecidos polo Plan Anual de Políticas de





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 10:14:30
Nº Rexistro: 48661
Data envío: 04/04/2019 10:14:30.982**

Emprego (PAPE) para, no seu lugar, aplicar datos e estatísticas que non teñen en conta a avaliación do desempeño, nin a efectividade das políticas a prol do emprego.

Este novo sistema prexudica claramente á Galicia porque levará consigo á unha paulatina redución do peso que tiñamos na distribución dos fondos ás administracións autonómicas, penalizando resultados como que sexamos a segunda comunidade do Estado con maior baixada do paro rexistrado o pasado mes de febreiro.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para retomar os criterios de distribución dos fondos ás comunidades autónomas para políticas activas de emprego, nos que se primaba ás comunidades que como Galicia están a impulsar programas pioneiros e innovadores que favorecen a creación de emprego estable e con futuro”.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/04/2019 10:10:16


Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/04/2019 10:10:27

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/04/2019 10:10:35

María Ángeles García Míguez na data 04/04/2019 10:10:41

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 04/04/2019 10:10:48

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 10:14:30
Nº Rexistro: 48661
Data envío: 04/04/2019 10:14:30.982**

Marta Rodríguez Arias na data 04/04/2019 10:10:54

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 04/04/2019 10:11:04

María Soraya Salorio Porral na data 04/04/2019 10:11:13

Raquel Arias Rodríguez na data 04/04/2019 10:11:20

Sandra Vázquez Dominguez na data 04/04/2019 10:11:27



CSV: aEEM/MP1

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 02.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 49214(10/PNC-003979)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Salorio Porral, María Soraya e 7 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas demoras que están a padecer as mulleres mariscadoras, percebeiras, redeiras e traballadoras da pesca artesanal no recoñecemento do dereito a unha prestación económica do sistema de Seguridade Social por risco durante o embarazo. (Procedemento de urxencia)

Publicación da iniciativa, 463, 17.04.2019

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Soraya Salorio Porral, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Encarna Amigo Díaz, Aurelio Nuñez Centeno, Miguel Tellado Filgueira, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Marta Rodríguez Arias** ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª Sanidade, Política Social, e Emprego polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada por coñecer en sede parlamentaria a posición do Goberno galego sobre este tema.

Exposición de motivos:

Desde o colectivo de mulleres traballadoras en actividades de marisqueo e pesca artesanal trasladan que están a soportar un retraso sistemático no recoñecemento do dereito a unha prestación económica do sistema de Seguridade Social por risco durante o embarazo expoñendo á traballadora e ao feto a un risco innecesario, polo que terminan por solicitar a baixa por enfermidade común.

Segundo estas traballadoras e as entidades que as representan, esta situación que vulnera un dereito que como mulleres teñen recoñecido se agrava coas seguintes dificultades:

- Ausencia dun modelo de solicitude de certificación médica de risco na maioría das mutuas.
- Solicitude á traballadora que xunto co informe do facultativo do Servizo Público de Saúde se indiquen as patoloxías asociadas ao embarazo que presenta.
- Requirimento dunha revisión médica específica para poder tramitar a prestación.
- Se a mutua non dispón de servizo médico en Galicia, envío da traballadora a outra mutua, prolongando máis todo o trámite.
- Non comunicación por escrito da denegación da certificación médica solicitada, sen indicarse tampouco a data a partir da cal poderá recoñecerse a prestación.
- Utilización dos criterios da Sociedade Española de Xinecoloxía e Obstetricia de forma arbitraria, cando ademais deberían ser orientativos e non restritivos, descartando a consideración doutras recomendacións médicas existentes.





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2019 13:33:33
Nº Rexistro: 49214
Data envío: 16/04/2019 13:33:33.908

- Denegación da prestación no caso de que a traballadora tivera anteriormente unha incapacidade temporal por enfermidade común que se poida vincular ao embarazo.

Cómpre recordar que son maioritariamente traballadoras autónomas e a dureza das tarefas que realizan: moita carga física, movementos repetitivos, arrastres, manexo manual de cargas, humidade, condicións climatolóxicas adversas, etc. Así pois, os riscos laborais aos que están expostas poden causar danos na súa saúde ou na do feto, non existindo a posibilidade de adaptación do posto de traballo, nin tampouco de cambio.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulamos a seguinte proposición non de lei en comisión polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a solicitar ao Goberno do Estado que leve a cabo as actuacións oportunas para garantir unha maior simplicidade e axilidade na tramitación das prestacións por risco durante o embarazo en favor de mariscadoras, percebeiras, redeiras e traballadoras da pesca artesanal por parte da entidade á que lle corresponde esta tramitación, ben sexa o Instituto Social da Mariña ou as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social.

Moi especialmente que non se solicite a estas traballadoras a achega de ningún documento non esixido pola normativa aplicable e que se leven a cabo os trámites precisos no prazo máis breve posible”.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/04/2019 13:27:22

María Soraya Salorio Porral na data 16/04/2019 13:27:32

Teresa Egerique Mosquera na data 16/04/2019 13:27:42

María Ángeles García Míguez na data 16/04/2019 13:27:57



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/04/2019 13:33:33
Nº Rexistro: 49214
Data envío: 16/04/2019 13:33:33.908**

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/04/2019 13:28:06

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/04/2019 13:28:16

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/04/2019 13:28:23

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 16/04/2019 13:28:33

Marta Rodriguez Arias na data 16/04/2019 13:28:49



CSV REXISTROU501M3yln5

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com